



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples

Praza Luis Seoane - 15008 A CORUÑA - Telf.: 981 18 59 02 - 981 18 59 03

XUNTA DE GALICIA	
DELEGACIÓN DE MEDIO AMBIENTE	
A CORUÑA	
3 - XAN 2003	
ENTRADA N.º	
SAIDA N.º	23

Sr. Rexistrador da Propiedade
Avda. Buenos Aires, 51-1º Iz.
15250-MUROS

Ao obxecto de da-lo cumprimento ao establecido no artigo 28 do Regulamento de 23 de setembro de 1992 para a aplicación da Lei 13/89 de Montes Veciñais en Man Común, comunícolle que este Xurado Provincial, en sesións celebradas o 12.07.2001 e 26.06.2002, adoptou as seguintes resolucións:

"Reunido o 12 de xullo de 2001 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, baixo a presidencia do delegado da Consellería de Medio Ambiente, D. Higinio J. Sánchez-Rodilla Fuentes, coa asistencia dos vocais, Dona Josefa Fernández Fernández, xefa do Servicio de Montes e I.F., D. Alfonso Vázquez-Castro Garma, letrado do Gabinete Xurídico Territorial da Xunta, D. Juan Ramón Beneyto Bellas, representante do Colexio de Avogados da Coruña, e da secretaria, Dona Ana María Díaz López, xefa do Servicio Xurídico da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, para estudar e resolve-lo

Expediente: 358

Monte: Sieiras e Bornalle

Comunidade: Bornalle, Vilar, Priegue e Pazo

Parroquia: A Abelleira

Concello: Muros

ANTECEDENTES DE FEITO:

10. Diversos veciños dos lugares de Bornalle, Vilar, Priegue e Pazo, na parroquia da Abelleira, concello de Muros, solicitaron deste Xurado, con data 20.07.1999, a declaración como veciñal dos expresados lugares, do monte arriba citado e que ten as seguintes características:

Superficie: 180,60 Ha.

Líndeiros:

Parcela 1. Monte Sieiras. Superficie 97,20 Ha. Procede do monte Sieiras, nº 136 do C.U.P.

NORTE: Remata en punta, no piquete 1 do deslindamento. LESTE: Do piquete 1 ó 128, seguindo a liña descrita no esbozo incorporado ó

expediente, con máis monte Sieiras. Do piquete 128 ó 295 seguindo a orde de piquetes, con propiedades particulares de veciños da Abelleira. SUR: Del piquete 295 ó 320, seguindo a orde de piquetes, con propiedades particulares de veciños da Abelleira. OESTE: Do piquete 320 ó 332 seguindo a orde de piquetes e deste ó 1, co monte Baño.

Parcela 2. Monte Bornalle. Superficie 83,40 Ha. Procede del monte Bornallo, nº 109 do C.U.P.

NORTE: Remata en punta no piquete 76. LESTE: Desde o piquete 76 ata o 79, seguindo a orde de piquetes, co monte Pedregal e Bolantón, do 79 ó 82, seguindo a orde de piquetes, deste ó 1, e do 1 ó 6, seguindo a orde de piquetes, co monte Tal. SUR: Do piquete 6 ó 18 seguindo a orde de piquetes, con propiedades particulares. OESTE: Do piquete 18 ó 73 seguindo a orde de piquetes, con propiedades particulares. Do 73 ó 76 seguindo a orde de piquetes, co monte Calvo e outros.

20. A vista de tal solicitude, o Xurado, na súa reunión do 17.11.1999, acordou inicia-lo oportuno expediente, nomeándose Instructora do mesmo a Dona Ana M^a Díaz López, quen aceptou expresamente o dito cargo. Procedeuse á correspondente tramitación, librándose mandamento para a anotación preventiva no Rexistro da Propiedade de Muros, oídas tódalas persoas, organismos e corporacións interesadas, expedíndose mandamentos a tal fin dirixidos ó alcalde-presidente do concello de Muros, ó xefe do Servicio de Montes e I.F. e publicándose edictos no D.O.G. (nº 83 de 02.05.2000), taboleiro de anuncios do concello e lugares de costume.

30. Os veciños de Bornalle, Vilar, Priegue e Pazo fundamentan a súa petición ante o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común en que desde tempo inmemorial aproveitaron en réxime de comunidade e sin asignación de cotas os montes de ditos lugares. Presentan acta de manifestacións na que declaran tal condición.

40. Polo Servicio de Montes apórtase informe no que se facen diversas precisións sobre o perímetro e superficie do monte Sieiras. Unha vez comprobados tales extremos, rectifícanse as características de dito monte recollidas no antecedente primeiro da resolución, así como o esbozo obrante no expediente.

50. Ante este expediente formulouse alegación por parte dos veciños do lugar de Pando, na parroquia de Torea, afirmando que o monte Rateira, de características descritas ao longo do expediente, pertence e ten sido aproveitado desde tempo inmemorial polos veciños de dito lugar, e que nunca ten sido da pertenza nin ten sido aproveitado polos veciños da parroquia da Abelleira. Presentan a tal efecto acta de manifestacións ante notario.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples

Praza Luis Seoane - 15008 A CORUÑA - Telf.: 981 18 59 02 - 981 18 59 03

69. Na tramitación destas actuacións cumpríronse as formalidades legais e regulamentarias, esixidas principalmente pola Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e o seu Regulamento de aplicación aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, ambos da Comunidade Autónoma de Galicia, Lei de procedemento administrativo e demais disposicións aplicables ó caso.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

19. O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña ten xurisdicción e competencia para coñecer deste expediente en virtude do disposto nos artigos 9 e 10 da Lei 13/89, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

29. De conformidade co contido do artigo 11 da citada Lei e 19 do Regulamento, aprobado polo Decreto 260/92, do 4 de setembro, os veciños de Bornalle, Vilar, Priegue e Pazo, parroquia da Abelleira, concello de Muros, son parte lexítima para solicita-la iniciación do presente expediente de calificación.

39. Para a súa calificación como veciñal en man común, o monte debe reuni-las seguintes características: 1) Pertenza a agrupacións de veciños na súa calidade de grupos sociais, non como entidades administrativas; 2) Se aproveite consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas polos membros de cada agrupación na súa condición de veciños comuneiros; 3) Que os veciños comuneiros residan habitualmente con casa aberta dentro da área xeográfica sobre a que se asenta o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte (artigos 1, 2 e 3 da Lei 13/89 e 1, 2 e 3 do Regulamento do 4 de setembro de 1992).

49. Das actuacións obrante no expediente, e en especial da comprobación do expresado no punto anterior, dedúcese que no presente caso nos encontramos cun monte pertencente á comunidade veciñal dos lugares de Bornalle, Vilar, Priegue e Pazo, parroquia da Abelleira, no que se cumpren os aludidos requisitos.

59. En relación á reclamación formulada polos veciños do lugar de Pando, este Xurado decide estimala, tanto pola pertenza do monte a favor da parroquia de Torea, xa recollida no Catálogo de Utilidade Pública desde o ano 1901 e reafirmada no deslindamento de 1968, como principalmente porque os aproveitamentos viñan realizándose polos veciños de dito lugar, conforme o descrito no informe do Servicio de Montes obrante no expediente. En consecuencia, o Xurado decide que o monte Rateira deberá ser obxecto doutro expediente de calificación a favor dos veciños de Pando, rectificando en tal sentido as características do monte que figuran no antecedente primeiro.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples

Praza Luis Seoane - 15008 A CORUÑA - Telf.: 981 18 59 02 - 981 18 59 03

Por iso, éste Xurado, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos, por proposta do Instructor,

ACORDA calificar como monte veciñal en man común, da comunidade dos lugares de Bornalle, Vilar, Priegue e Pazo, parroquia da Abelleira, concello de Muros, o denominado monte Sieiras e Bornalle, coas características que figuran no primeiro antecedente. Asimesmo, acordase excluí-lo declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndolo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación de Medio Ambiente da Coruña".

.....

"Reunido o 26 de xuño de 2002 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común da Coruña, para resolve-lo recurso de reposición presentado contra a resolución de 12.07.2001 no expediente nº 358 mediante a que se calificou como veciñal en man común o monte Sieiras e Bornalle, dos lugares de Bornalle, Vilar, Priegue e Pazo, parroquia da Abelleira, concello de Muros.

ANTECEDENTES DE FEITO:

1º. Mediante escritos de data 17.09.2001 e 06.10.2001, Manuel Mayo Lago, en nome e representación da comunidade dos lugares de Bornalle, Vilar, Priegue e Pazo, parroquia da Abelleira, interpoñe recurso de reposición, solicitando a calificación do monte Rateira, excluído polo Xurado ao entender que debería ser obxecto doutro expediente a favor dos veciños de Pando, na parroquia de Torea.

2º. Os veciños de Bornalle e outros fundamentan o presente recurso referíndose aos límites históricos da parroquia de Abelleira, aportando copia dun documento de transcripción do interrogatorio de data 31.10.1687, seguido por Don Domingo Lestón y Caamaño, Juez Real e da extinguida Jurisdicción de la Sierra, para apear e deslinda-los correspondentes termos parroquiais, incluído o de Abelleira. Tamén presentan certificación dun documento suscrito por Pelayo Ventura de Moledo, Rector da fegresía de San Estebo de Abelleira e anexo San Xulián de Torea, cunha relación do ano 30.04.1979 con referencia á existencia da capela de San Lourenzo, enclavada no monte en cuestión. Asimesmo, se opoñen ao informe do Servicio de Montes no que se relaciona cos aproveitamentos alegados pola comunidade.

3º. Como consecuencia das contradicções entre as manifestacións realizadas polas partes no trámite de audiencia do expediente nº 366, seguido para a calificación do monte de Pando, do lugar de Pando, parroquia de Torea, o Xurado solicita ao concello informe sobre os límites entre ambas comunidades, e

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples

Praza Luis Seoane - 15008 A CORUÑA - Telf.: 981 18 59 02 - 981 18 59 03

outro ao Servicio de Montes en relación á documentación que poidera existir sobre posibles reclamacións no expediente de deslindamento. A esta petición non houbo resposta do concello de Muros, mentres que por parte do Servicio de Montes compareceu Inhacio López da Osa, enxeñeiro de montes encargado da sección de montes veciñais, que informou verbalmente aos membros do Xurado, aportando copia das actas de apeo, relación das reclamacións presentadas polos veciños, e resolución do deslindamento do monte Calvo e outros. Asimesmo presenta copia dunha transcripción da carta foral do monte de Pando, tamén obrante no citado expediente. Ditos documentos incorporáronse a ambos expedientes.

42. No mesmo trámite de audiencia do expediente nº 366, os veciños de Pando recoñecen que hai unha parte do monte da pertenza dos veciños de Bornalle e outros, aportando croquis, que se incorpora a ambos expedientes.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

12. A vista dos documentos e informes obrantes no expediente, o Xurado entende que os veciños de Bornalle, Vilar, Priegue e Pazos, na parroquia de Abelleira, seguen sen acreditar nin a pertenza nin os aproveitamentos alegados no monte Rateira, na parroquia de Torea, pois nos documentos referidos aos límites históricos parroquiais non hai referencias directas nin á pertenza nin aos aproveitamentos de tal comunidade, referencias que sí aparecen no expediente de deslindamento do monte Calvo e outros, onde os veciños de Pando comparecen no acto do apeo e presentan abundantes reclamacións, aportando incluso transcripción da carta foral do monte de dito lugar, mentres que non hai intervencións de veciños da parroquia de Abelleira.

20. Se acepta o recoñecemento que teñen feito os veciños de Pando acerca da pertenza de parte do monte Rateira. Tal monte ten as seguintes características:

Denominación: Monte Rateira.
Comunidade: Bornalle, Vilar, Priegue e Pazo
Parroquia: Torea
Concello: Muros
Superficie: 6,00 Ha.
Lindeiros:

É parte do monte Calvo e outros, nº 110 do C.U.P.

NORTE: Co Río do Muíño de Marselle, xunto ao piquete 50 do deslindamento do monte Calvo e outros. LESTE: Do río do Muíño de Marselle segue o rego de San Lourenzo, desde o piquete 50 ao 54

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común

Edificio Administrativo de Servicios Múltiples

Praza Luis Seoane - 15008 A CORUÑA - Telf.: 981 18 59 02 - 981 18 59 03

seguinte a orde de piquetes, e con propiedades particulares de veciños de Pando, desde o piquete 54 ata o 71, seguindo a orde de piquetes. SUR: Propiedades particulares de veciños de Pando, do piquete 71 ao 73 seguindo a orde de piquetes, e continúa uns metros a liña do deslindamento en dirección ao piquete 74. OESTE: Co monte veciñal de Pando. Segue aproximadamente unha liña recta en dirección norte desde o punto na liña do deslindamento próximo ao piquete 73, pasando pola Fonte Insuela e pola cercana Casa Cabalar ou Outeiros Cabalares, segue pola Laxe da Pendente, e finaliza no río do Muíño de Marselle, xunto ao piquete 50.

O Xurado, á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito expostos,

ACORDA o seguinte : 1º) Desestima-lo recurso de reposición interposto, e 2º) Califica-lo monte Rateira como veciñal en man común, de pertenza dos lugares de Bornalle, Vilar, Priegue e Pazos, parroquia da Abelleira, concello de Muros, coas características que figuran no fundamento segundo desta resolución. Asimesmo, acorda excluí-lo declarado do Inventario de Bens do Concello e do Catálogo dos de Utilidade Pública, se neles estivera inscrito, incluíndolo no Rexistro de Montes Veciñais en Man Común que figura na Delegación de Medio Ambiente da Coruña".


Por tal motivo, solicito dese Rexistro da Propiedade que proceda á práctica das oportunas anotacións preventivas da clasificación como veciñal en man común do monte das características que se expresan no 1º antecedente da resolución de 12.07.2001 e no 2º fundamento de dereito da resolución de 26.06.2002, facendo consta-la existencia destas Resolucións sobre as inscricións rexistrais correspondentes a titulacións sobre terreos ás que poidera afectar.

A Coruña, 27 de decembro de 2002

O PRESIDENTE DO XURADO,



Asdo. Higinio J. Sánchez-Rodilla Fuentes



DESLINDE TOTAL DEL MONTE
"BORNALLO"
 Nº 109 DEL CATALOGO DE UTILIDAD PUBLICA
 PARROQUIA DE ABELLEIRA
 AYUNTAMIENTO DE MUROS
 Cabida total y Pública del Monte 83'40 Has
 ESCALA 1:5.000

PIQUETES	COLINDANCIA
1-6	Monte Tal No 127 del C.U.P.
6-10	Pinar "Rego da Edra" de Manuel Garcia Barreiro de Vilar
10-11	Pinar "Rego da Edra" de Manuel Rivandeneira Lestón de Vilar
11-14	Pinar "Rego da Edra" de Aurelio Rivandeneira Caamaño de "Cruceiro"
14-17	Pinar "Canle da Edra" de Jesus Fernández Mallo de Vilar
17-18	Pinar "Bico de Currelos" de Alejandro Lestón Rey de Bernallo
18-19	Pinar "Bico de Currelos" de Antonio Paris Sande y otros de Bernallo
19-26	Pinar "Bico de Currelos" de Pedro Lago Lago de Bernallo
26-27	Pinar "Coba de Lapas" de José Sande Eiras de Bernallo
27-30	Eucaliptal da "Coba de Lapas" de Pablo Tobio Lago de Bernallo
30-33	Pinar "Coba de Lapas" de Manuel Tajos Tobio de Bernallo
33-34	Pinar "Coba de Lapas" en parte de Dolores Cantarino Lago de Vilar
34-43	Pinar y eucaliptal "La Fisga" de Belarmino Rodríguez Mallo de Bernallo
43-48	Pinar "La Fisga" con la parte de Manuel Fernández Fernández de Bernallo
48-53	Labradio "Agra de San Lorenzo" de Pedro Lago Lago y otros de Bernallo
53-56	Pinar "Pedra Patuda" de Juan Sande Rivadeneira y otros de "Rateira"
56-60	Herbal "Pedra Patuda" de Juan Sande Rivadeneira y otros de "Rateira"
60-67	Labradio "Casa Vello" de los Hcos de Hermenegildo Fernández Lestón de Abelleira
67-69	Pinar "Vivero" de Manuel Lago Lago de "Cruceiro" Abelleira
69-72	Herbal "Vivero" de José Lestón Rodríguez y otros de Rateira "Abelleira"
72-76	Monte Calvo y otros nº 110 del C.U.P.
76-79	Monte Pedregal y Bolanton nº 132 del C.U.P.
79-1	Monte Tal nº 127 del C.U.P.

LA CORUÑA
 EL INGENIERO OPERADOR

Leopoldo Monera

NOTA:
 Los nros entre paréntesis corresponden al Deslinde del
 monte "Pedregal y Bolanton" y "Calvo y otros."

